

Actividades da Asociación



Fig. 1

O habitual resumo de actividades do pasado ano ten que comezar citando a publicación do anterior número desta revista Croa (o 11, de 2001), e facémolo así por mor do progresivo e continuo enriquecemento dos seus contidos, o que ven sendo a tónica desde os seus inicios e que trataremos de manter e mesmo potenciar: ós de tema arqueolóxico fóronse sumando nestes anos os de carácter etnográfico, histórico e incluso artístico, sen esquecer a habitual sección adicada a outros museos (que agora amplia o seu ámbito ata terras mediterráneas). Tamén é de salientar a atención prestada a temas da cidade de Lugo, que continúan neste número 12. Por outro lado, a intención da Xunta Directiva é que os exemplares de cada número de Croa estean dispoñibles para a data de celebración da assemblea anual da Asociación (xeralmente o último sábado de novembro), o que agardamos facilite e

“economie” notablemente a súa distribución entre os socios da nosa entidade.

En canto a outras actividades, cómpre mencionar que en novembro de 2001 se levou a cabo unha viaxe cultural a Ávila a fin de visitar a Exposición “Celtas y Vaceos”, na que, ademais, figuraban pezas do propio Museo do Castro de Viladonga. Era a nosa intención achegarnos a algún xacemento arqueolóxico do contorno abulense, pero o intensísimo frío daqueles días aconsellou protexerse dentro da muralla medieval daquela cidade e visitala paseniño, coñecendo o seu Museo (Fig. 1), a súa Catedral, o interesantísimo Románico das súas igrexas, e incluso repararmos na conservación primorosa do seu conxunto histórico. A viaxe rematou cando, xa de volta, nos achegamos a La Granja de San Ildefonso para ver a Real Fábrica de Vidrio e unha espléndida exposición sobre o vidro romano que alí se pre-

sentaba, así como tamén o Palacio Real e os seus xardíns, rematando o periplo en Segovia.

Noutra orde de cousas, merecen ser destacados nestas páxinas os contactos cada vez máis frecuentes e fructíferos co Patronato del Patrimonio Cultural de Cacabelos, a través da súa coordinadora, e consocia nosa, dona Inés Díaz. Un dos froitos destes contactos foi unha viaxe que fixemos no pasado mes de maio polas terras de Cacabelos para coñecer ou disfrutar de novo coa inxente riqueza cultural desta zona do Bierzo. Nesta excursión foi visita especialmente digna de mención a levada a cabo ó Castro Ventosa (Bergida / Bergidum); tanto aquí coma no resto do percorrido (Mosteiro de Carracedo -Fig. 2-, Cacabelos, Palacio de Canedo...), tivemos a sorte de ser guiados por Inés Díaz, a quen queremos manifestar desde estas páxinas o noso agradecemento.

As relacións co Patronato de Cacabelos continuaron, primeiro cunha visita a Viladonga dos seus directivos, e logo coa presenza do Director do noso Museo nas “Jornadas sobre Castro Ventosa” para presentar a exposición sobre “Os traballos artesanais no Castro de Viladonga”, e finalmente coa excursión ó conxunto do Castro de Viladonga dun grupo de participantes naquelas Xornadas.

Esperamos que continúen os vínculos de relación e comunicación con esta entidade berciana, así como con outras galegas e lucenses, como o Clube Cultural Valle-Inclán ou a Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei, coa que se pretende



Fig. 2

continuar a colaboración, por exemplo, tanto no mantemento e potenciación da Ruta do Azúmara (e agora tamén a da Escrita) como na organización da Festa Balura, que se recuperou nestes últimos veráns.

Entre as actividades realizadas no pasado ano merece destacarse igualmente e con letras ben grandes o noso sitio Web. En primeiro lugar, pola constante actualiza-

ción e ampliación que se leva a cabo, e no que hai que salientar, pola súa novidade, orixinalidade e utilidade, os índices temático e de ilustracións contidas na dita web. O indiscutible éxito deste verdadeiro escaparate de Viladonga cara ó mundo, levounos, tamén no mes de novembro de 2001, a “presentalo en sociedade”, o que se fixo coa colaboración da Galería Sargadelos de Lugo e a cargo do webmaster e Vicepresidente da Asociación, Enrique Montenegro Rúa. El e o seu enorme traballo a prol da cultura en Internet recibiron en abril unha merecida recompensa co

premio Portaldidáctico.com a la educación y a la enseñanza, pola calidade de contido e deseño do noso completo sitio web.

Como ven sendo habitual, a Asociación tamén colaborou na celebración do Día internacional dos Museos, participando na organización e inauguración na Sala de Actos do Museo, da exposición-instalación de arte minimalista de Bernardo Tejeda, *Menciña vermella* (Fig. 3), onde permaneceu aberta desde o 18 de maio ata o 5 de xullo, chamando a atención do público visitante pola contraposición entre os materiais arqueolóxicos e as novísimas tendencias plásticas.

A Xunta Directiva da Asociación confía en que as actividades realizadas e, máis aínda, as que se programen para o vindeiro ano sexan do agrado dos socios, reclamando, como é costume nesta e noutras asociacións similares, unha maior presenza e participación dos case douscentos membros que a compoñemos.



Fig. 3